**Iván Rodríguez Jiménez,** secretario do Xurado Provincial de clasificación de montes veciñais en man común de Ourense

**CERTIFICO:**

Que na sesión do **13 de decembro de 2016** o Xurado adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

**III.-** En relación co expediente de clasificación como veciñal en man común do monte denominado "Revoltas de Abaixo e Castelo", a favor dos veciños da Esgueva, no Concello de Carballiño, asisten D. Francisco Rodríguez Fernández e D. Edelmiro Pinar García.

O Xurado comunica aos comparecentes a súa decisión de acordar a clasificación do monte, unha vez publicado polo Concello o edicto do inicio da clasificación como monte veciñal en man común polo período dun mes sen que se presentasen alegacións, publicado tamén o edito no DOG e recibida a certificación do Rexistro da Propiedade.

E para que conste, aos efectos oportunos, expido a presente en Ourense a vinte dous de agosto de dous mil dezasete.

Vº. e prace
O Presidente do Xurado

Yago Borrajo Sánchez

DOG Diario Oficial de Galicia

DOG Núm. 53 | Xoves, 16 de marzo de 2017 | Páx. 13051

## VI. ANUNCIOS

## A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

### CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

*EDICTO do 24 de febreiro de 2017, do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, polo que se publica a resolución do expediente de clasificación como veciñal en man común do monte denominado Revoltas de Abaixo e Castelo a favor dos veciños de Esgueva, na parroquia de Madarnás (San Tomé), no concello do Carballiño (Ourense).*

En cumprimento do disposto no artigo 28 do Regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e de conformidade co disposto no artigo 60.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, faise público que o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, en sesión que tivo lugar con data do 13 de decembro de 2016, adoptou a seguinte resolución:

«Examinado o expediente de clasificación como veciñal en man común do monte denominado Revoltas de Abaixo e Castelo a favor dos veciños de Esgueva, na parroquia de Madarnás (San Tomé), no concello do Carballiño (Ourense), resultan os seguintes feitos:

Primeiro. Con data do 20 de marzo de 2007 tivo entrada no rexistro da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural un escrito dirixido ao Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Francisco Rodríguez Fernández e Nemesio García Martínez no cal solicitan a clasificación como veciñal en man común de varias parcelas denominadas Revoltas de Abaixo e Castelo.

Segundo. Con data do 16 de marzo de 2016, o Xurado Provincial acorda iniciar o expediente de clasificación como veciñal en man común do referido monte, e designa instrutor e realiza as comunicacións e publicacións a que fan referencia os artigos 20, 21 e 23 do Regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e abre un período dun mes para a práctica de alegacións.

Terceiro. No prazo concedido para a práctica de alegacións non consta que se presentase ningunha.

CVE-DOG: k99ryro1-uzx6-jji7-qdr7-hqskvytcyrd3

Cuarto. O monte obxecto de clasificación, de acordo coa documentación que consta no expediente, descríbese así:

Denominación do monte: Revoltas de Abaixo e Castelo.

Superficie: 86.286 m².

Pertenza: veciños de Esgueva.

Parroquia: Madarnás (San Tomé).

Concello: O Carballiño.

Parcelas catastrais que comprende e superficies:

| Nome da parcela | Superficie (m²) |
|---|---|
| Castelo | 30.474 |
| Revoltas de Abaixo | 55.812 |

1ª Parcela. Castelo:

Parcelas catastrais que comprende e superficies:

| Polígono | Parcela | Superficie catastral (m²) | Superficie en clasificación (m²) |
|---|---|---|---|
| 32 | 388 | 30.474 | 30.474 |

Estremas:

a) Perímetro exterior.

Norte (parcelas enumeradas de oeste a leste mediante datos catastrais).

| Polígono | Parcela | Propietario |
|---|---|---|
| 32 | 512 | - |
| | 511 | - |
| | 453 | - |

CVE-DOG: k99ryro1-uzx6-jji7-qdr7-hqskvytcyrd3

Leste (parcelas enumeradas de norte a sur mediante datos catastrais).

| Polígono | Parcela | Propietario |
|---|---|---|
| 32 | 374 | - |
| | 176 | - |
| | 173 | - |
| | 172 | - |
| | 171 | - |
| | 170 | - |
| | 169 | - |

Sur (parcelas enumeradas de leste a oeste mediante datos catastrais).

| Polígono | Parcela | Propietario |
|---|---|---|
| 32 | 9006 | Camiño |
| | 102 | CMMVVMC Medela |

Oeste (parcelas enumeradas de sur a norte mediante datos catastrais).

| Polígono | Parcela | Propietario |
|---|---|---|
| 32 | 102 | CMMVVMC Medela |

b) Perímetro interior (encravados).

Non existen encravados.

2ª Parcela. Revoltas de Abaixo:

Parcelas catastrais que comprende e superficies:

| Polígono | Parcela | Superficie catastral ($m^2$) | Superficie en clasificación ($m^2$) |
|---|---|---|---|
| 32 | 268 | 55.812 | 55.812 |

CVE-DOG: k99ryro1-uzx6-jji7-qdr7-hqskvytcyrd3

Estremas:

a) Perímetro exterior.

Norte (parcelas enumeradas de oeste a leste mediante datos catastrais).

| Polígono | Parcela | Propietario |
|---|---|---|
| 32 | 256 | - |
| | 254 | - |
| | 253 | - |
| | 252 | - |
| | 249 | - |
| | 248 | - |
| | 250 | - |
| | 9010 | Camiño |
| | 259 | - |
| | 258 | - |
| | 257 | - |
| | 9008 | Camiño |
| | 283 | - |
| | 269 | - |
| | 270 | - |
| | 271 | - |
| | 9007 | Camiño |

Leste (parcelas enumeradas de norte a sur mediante datos catastrais).

| Polígono | Parcela | Propietario |
|---|---|---|
| 32 | 296 | - |
| | 210 | - |
| | 209 | - |
| | 208 | - |
| | 207 | - |
| | 206 | - |
| | 205 | - |
| | 204 | - |

CVE-DOG: k99ryro1-uzx6-jji7-qdr7-hqskvytcyrd3

XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

| Polígono | Parcela | Propietario |
|---|---|---|
| Parcela urbana ref. catastral: 0011001000NH70A | | |
| 31 | 9001 | Camiño |
| 32 | 211 | - |
| | 218 | - |
| | 9002 | Camiño |
| | 246 | - |
| | 241 | - |
| | 514 | - |
| | 238 | - |
| | 236 | - |
| | 194 | - |
| | 193 | - |
| | 192 | - |
| | 191 | - |

Sur (parcelas enumeradas de leste a oeste mediante datos catastrais).

| Polígono | Parcela | Propietario |
|---|---|---|
| 32 | 190 | - |
| | 189 | - |
| | 188 | - |
| | 185 | - |

Oeste (parcelas enumeradas de sur a norte mediante datos catastrais).

| Polígono | Parcela | Propietario |
|---|---|---|
| 32 | 168 | - |
| | 9006 | Camiño |
| | 374 | - |

b) Perímetro interior (encravados).

Non existen encravados.

CVE-DOG: k99ryro1-uzx6-jji7-qdr7-hqskvytcyrd3

Fundamentos de dereito:

Primeiro. O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común é o órgano competente para coñecer os expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter, de acordo co establecido no artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

Segundo. De conformidade co disposto no artigo 1 da devandita lei "son montes veciñais en man común... os que, con independencia da súa orixe, as súas posibilidades produtivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria, pertenzan a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e se veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade sen asignación de cotas polos membros daquelas na súa condición de veciños".

Terceiro. É reiterada doutrina da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo que son dúas as notas características dos montes veciñais en man común: unha, o aproveitamento consuetudinario en man común, e outra, a atribución da titularidade dese aproveitamento aos veciños integrantes dun grupo social determinado, independentemente da súa cualificación ou non como entidade administrativa, e corresponde constatar o aproveitamento e atribuír a titularidade a favor do grupo social que o veña gozando ao xurado provincial de clasificación.

Cuarto. O carácter de monte veciñal en man común tense acreditado mediante as testemuñas dos veciños solicitantes, as actuacións realizadas polo Servizo de Montes e a documentación que consta no expediente.

En consecuencia co que antecede, examinada a Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, o seu regulamento, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, o Decreto 166/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e demais normativa legal e regulamentaria, o xurado provincial por unanimidade dos seus membros,

RESOLVE:

Clasificar como monte veciñal en man común o monte denominado Revoltas de Abaixo e Castelo a favor dos veciños de Esgueva, na parroquia de Madarnás (San Tomé), no concello do Carballiño (Ourense), de acordo coa descrición realizada no feito cuarto.

CVE-DOG: k99ryro1-uzx6-jji7-qdr7-hqskvytcyrd3

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, no prazo dun mes, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao desta notificación, de acordo co disposto no artigo 12 da citada Lei 13/1989, nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa».

Ourense, 24 de febreiro de 2017

Yago Borrajo Sánchez
Presidente do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais
en Man Común de Ourense

CVE-DOG: k99ryro1-uzx6-jji7-qdr7-hqskvytcyrd3

| Punto | X UTM ETRS89 | Y UTM ETRS89 |
|---|---|---|
| 1 | 574169 | 4701562 |
| 2 | 574170 | 4701556 |
| 3 | 574194 | 4701523 |
| 4 | 574195 | 4701514 |
| 5 | 574191 | 4701481 |
| 6 | 574234 | 4701434 |
| 7 | 574279 | 4701425 |
| 8 | 574276 | 4701415 |
| 9 | 574263 | 4701424 |
| 10 | 574194 | 4701438 |
| 11 | 574185 | 4701401 |
| 12 | 574171 | 4701383 |
| 13 | 574180 | 4701364 |
| 14 | 574171 | 4701361 |
| 15 | 574162 | 4701368 |
| 16 | 574096 | 4701352 |
| 17 | 574078 | 4701330 |
| 18 | 574074 | 4701239 |
| 19 | 574094 | 4701214 |
| 20 | 574026 | 4701098 |
| 21 | 574020 | 4701102 |
| 22 | 573938 | 4701049 |
| 23 | 573924 | 4701048 |
| 24 | 573914 | 4701051 |
| 25 | 573903 | 4701154 |
| 26 | 573902 | 4701252 |
| 27 | 573969 | 4701269 |
| 28 | 573981 | 4701281 |
| 29 | 574026 | 4701340 |
| 30 | 574062 | 4701353 |
| 31 | 574109 | 4701385 |
| 32 | 574109 | 4701401 |
| 33 | 574085 | 4701429 |
| 34 | 574081 | 4701456 |
| 35 | 574092 | 4701473 |
| 36 | 574095 | 4701496 |
| 37 | 574085 | 4701497 |
| 38 | 574096 | 4701507 |
| 39 | 574144 | 4701484 |
| 40 | 574157 | 4701503 |
| 41 | 574131 | 4701540 |
| 42 | 573600 | 4701258 |
| 43 | 573601 | 4701241 |
| 44 | 573639 | 4701226 |
| 45 | 573706 | 4701162 |
| 46 | 573747 | 4701121 |
| 47 | 573774 | 4701067 |
| 48 | 573785 | 4700994 |
| 49 | 573785 | 4700970 |
| 50 | 573798 | 4700945 |
| 51 | 573804 | 4700941 |
| 52 | 573730 | 4700924 |
| 53 | 573648 | 4701055 |
| 54 | 573581 | 4701257 |




Xunta de Galicia
Consellería do Medio Rural
Servizo de Montes de Ourense

**Solicitude de clasificación do MVMC de "Revoltas de Abaixo e Castelo", pertencente aos veciños de Esgueva na parroquia de Madarnás no concello do Carballiño**

Abril de 2016

Escala 1:5000

100 0 100 200 m

Sistema de Referencia ETRS89

Coordenadas UTM fuso 29

**Lenda**

- ETRS89 Castelo
- Parcelas catastrais do Carballiño
- Castelo
- Revoltas de Abaixo

Base cartográfica: Cartografía vectorial da "Dirección General del catastro" actualizada a xaneiro de 2016 e PNOA cedido por © IGN de España